



XORNADA

Unha común laboura

A presenza de Pontevedra no Seminario de Estudos Galegos

Xornada arredor do Seminario de Estudos Galegos e do seu impacto no estudo e divulgación do patrimonio na provincia de Pontevedra.

Venres 27 de outubro de 2023

De 10:00 a 14:00 h e de 16:15 a 20:30 h

Edificio Castela. Museo de Pontevedra

A celebración do centenario da fundación do Seminario de Estudos Galegos este ano foi a ocasión apropiada para facer un amplo repaso da súa transcendencia na Cultura Galega. Pese a súa curta existencia, apenas 13 anos de actividade, deixou unha fonda pegada no coñecemento da nosa terra dende perspectivas tan diversas e innovadoras que aínda hoxe non deixan de sorprendernos. Aos temas xa tradicionais de Arte, Historia e Arqueoloxía, sumouse o interese polas ciencias aplicadas, as ciencias xurídicas e económicas, a xeoquímica ou a implantación da moderna pedagogía como mellor método para optimizar os resultados da ensinanza.

O Seminario era un órgano vivo, cunha dinámica propia que foi medrando e transformándose co paso do tempo. Ás súas seccións e laboratorios iniciais foron engadándose outros novos e incluso cambiando de directores. O prestixio e a difusión das conclusións dos seus traballos medrou co paso do tempo e a dinámica truncada pola Guerra Civil foi tan sólida que moitas entidades e organismos aínda ven hoxe ao SEG como o gran referente ao que non hai que perder de vista.

Por outra banda o SEG non foi obra ou iniciativa dun so home. Alimentado polo entusiasmo dun grupo de mozos estudantes apoiados por mestres universitarios, os principios de interdisciplinidade e igualdade entre os seus membros foi tamén sinal de identidade da institución. Ninguén era máis ca os outros.

A procedencia xeográfica dos seminaristas cubría, en maior ou menor medida, todo o territorio galego. Esta xornada que lle dedicamos no Museo está destinada a facer un repaso sobre algúns dos representantes máis afamados de Pontevedra, ben pola súa orixe, ben polos vínculos profesionais e afectivos que mantiveron coa cidade. Figuras como Filgueira ou Castela tiveron unha repercusión maior na cultura galega. O traballo doutros como Sebastián González, Cordero Carrete, Losada Diéguez, Ramón María Aller ou Iglesias Vilarelle pasou máis desapercibido, pero non por iso foi menos transcendente na complexa trama do labor común do Seminario de Estudos Galegos. Esta xornada permitiranos afondar e reivindicar a súa aportación.

PROGRAMA

Sesión de mañá

10:00 h - Presentación da xornada e das persoas participantes

M^a Ángeles Tilve Jar, *directora do Museo de Pontevedra*

M^a Jesús Fortes Alén, *responsable do Arquivo Documental do Museo de Pontevedra e responsable da programación arredor do Seminario de Estudos Galegos no seu centenario*

Rafael Domínguez Artime, *vicepresidente segundo, deputado de Economía, impulso ao emprego, Museo Provincial e convento de Santa Clara na Deputación de Pontevedra*

10:15 h - Pontevedra e o Seminario de Estudos Galegos

Ramón Villares Paz, *catedrático emérito de Historia Contemporánea, Universidade de Santiago de Compostela*

A presenza e influencia cultural e institucional de Pontevedra na xénese e desenvolvemento do Seminario de Estudos Galegos foi extraordinaria. O esplendor cultural da cidade, con faladoiros, sociedades culturais e forza institucional como a propia Deputación provincial presidida por Daniel de la Sota, están na base deste protagonismo da cidade de Pontevedra, que con Ourense e Compostela forma un triángulo virtuoso da vida e accións do SEG.

Alén do peso da propia cidade e dalgúns dos seus mais conspicuos intelectuais, desde Losada Diéguez a Castelao, Sánchez Cantón a Filgueira, Gallástegui a Ossorio-Tafall, a cidade foi escenario de iniciativas tan singulares como o ciclo de Extensión Escolar de 1935, que reuniu a mestres e escolantes durante un mes arredor dunha selecta nómina de conferenciantes.

NOTA BIOGRÁFICA. Ramón Villares Paz é catedrático emérito da Universidade de Santiago de Compostela, onde foi profesor de Historia Contemporánea desde 1987. Director do Departamento de Historia Contemporánea (1983-1986), Decano da Facultade de Xeografía e Historia (1986-1990) e Reitor Magnífico da Universidade de Santiago (1990-1994), membro fundador e Presidente da Asociación Española de Historia Contemporánea (1996-2002) e Director en Galicia da Universidad Internacional Menéndez Pelayo, UIMP (1997-2005). Tamén é Membro Numerario da Real Academia Galega e Investigador Honorario do Instituto de Ciéncias Sociais (U. Lisboa) (desde 2011). Membro do Consello Editorial de Marcial Pons, Ediciones de Historia (Madrid) e membro



1923 › 2023
Centenario
do Seminario
de Estudos
Galegos



do Consello Asesor de revistas como *Historia Social* (Valencia), *Ler História, Análise Social* (Lisboa), *Ayer, revista de Historia contemporánea* (Madrid), pertence aos padroados do Museo do Pobo Galego, da Fundación Otero Pedrayo e da Fundación Juana de Vega, entre outros. Foi Presidente do Consello da Cultura Galega, desde 2006 a 2019. As súas liñas de investigación son Historia agraria, politización campesiña, historiografía, estudos culturais, historia das migracións e do exilio.

11:00 h - Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e o Seminario de Estudos Galegos

M^a Ángeles Tilve Jar, *directora do Museo de Pontevedra*

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, A Coruña, 1886- Bos Aires, Arxentina, 1950) foi impulsor e un dos máis activos membros do Seminario de Estudos Galegos, no que ingresa como socio de mérito o 4 de maio de 1924, data na que se celebra o primeiro acto público do organismo e na que, baixo o seu patrocinio, se inaugura a exposición do Álbum *Nós* en Santiago. Nese mesmo ano Castelao será nomeado coordinador da Sección de Artes e Letras e deseñará a imaxe gráfica do Seminario. No relatorio analizarase o seu compromiso en todas as iniciativas do SEG no que ata 1936 realiza un inxente labor en prol da investigación científica e de divulgación do patrimonio e da cultura galega, centrando o seu interese prioritario na dignificación dos cruceiros como elementos xenuínos e consubstanciais da nosa cultura popular. Froito do seu profundo estudo sobre este tema son traballos cruciais da súa produción como *As cruces de pedra na Bretaña*, resultado da viaxe que fai como bolseiro da JAE en 1929, publicado en 1930 polo Seminario, e, sobre todo, *As cruces de pedra na Galiza*, formidable compendio gráfico, documental e bibliográfico, sobre o que versara xa en 1934 o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega, pero que non sería publicado ata 1950 en Bos Aires.

NOTA BIOGRÁFICA. Licenciada en Xeografía e Historia, Sección Historia da Arte, especialidade de Arte Moderna e Contemporánea pola Universidade de Santiago de Compostela en 1985, Ángeles Tilve Jar está vinculada profesionalmente ao Museo de Pontevedra desde 1987, centro que dirixe na actualidade e no que antes foi Conservadora e Responsable de Coleccións. Na súa produción científica destacan varios estudos, así como o comisariado de exposicións, dedicados a figura de Castelao como, entre outros, *Meu Pontevedra! Castelao, 1916-1936*, (en colaboración con José Manuel Castaño García), 2017; *Castelao en Europa. A viaxe de 1921*, ou "El legado Castelao en el Museo de Pontevedra" en *Las colecciones y los museos del exilio*, 2021.

11:45 h - Pausa-café

12:15 h - Xosé Filgueira Valverde (1906-1996)

Xosé Carlos Valle Pérez, *exdirector do Museo de Pontevedra e presidente de honra da CECEL, CSIC*

Xosé Filgueira Valverde (Pontevedra, 1906-1996) foi o máis novo dos integrantes do colectivo que puxo en marcha, o 12 de outubro de 1923, o Seminario de Estudos Galegos. Aínda non cumprira 17 anos cando iso aconteceu. Destacará tamén, desde eses tempos aurorais, pola súa capacidade de traballo e pola diversidade dos seus intereses intelectuais. Os cargos que simultaneou ou sucesivamente ocupou no seo do SEG (no organigrama xeral e nas súas seccións e/ou subseccións) e noutras entidades (baste recordar, pola súa especial significación na súa traxectoria vital, que foi Secretario do Padroado fundacional do Museo de Pontevedra, formalmente constituído o 30 de xaneiro de 1929) son o mellor aval desas afirmacións.

No relatorio analizarase tamén, por un lado, o seu labor como investigador e creador literario e, por outro, a proxección dalgunha das iniciativas a el vinculadas tras a traumática desaparición do Seminario de Estudos Galegos como consecuencia da Guerra Civil.

NOTA BIOGRÁFICA. Xosé Carlos Valle Pérez (Pontevedra, 1953) é licenciado (1975) e doutor (1981) en Historia da Arte, en ambos os dous casos coa cualificación de Premio Extraordinario, pola Universidade de Santiago de Compostela. Secretario-director adxunto (1981-1986) e director (1986-2018) do Museo de Pontevedra. Vicepresidente (1989-1993) e presidente (1993-2001) da Confederación Española de Centros de Estudios Locales (entidade adscrita ao CSIC). Membro de número da Real Academia Galega de Belas Artes e correspondente das Reais Academias Españolas da Historia e de Belas Artes de San Fernando, de Santa Isabel de Hungría (Sevilla) e de Belas Artes de Portugal. Membro de diversos organismos científicos galegos, españois e internacionais. Presidente da Sociedade Coral Polifónica de Pontevedra. Secretario do Premio de Xornalismo Francisco Fernández del Riego, promovido por Afundación. Comisario ou co-comisario de numerosas exposicións (entre elas a programada en 2006 polo Museo de Pontevedra, co patrocínio da Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales, para conmemorar o centenario do nacemento de Xosé Filgueira Valverde). Autor de máis de dous centos de publicacións, está en posesión de diversas distincións e condecoracións.

13:00 h - Coloquio

Sesión de tarde

16:15 h - Presentación da sesión e das persoas participantes

M^a Jesús Fortes Alén, *responsable do Arquivo Documental do Museo de Pontevedra e responsable da programación arredor do Seminario de Estudos Galegos no seu centenario*

16:30 h - Losada Diéguez e o SEG

Justo Beramendi González, *catedrático emérito de Historia Contemporánea, Universidade de Santiago de Compostela*

Breve descrición das contribucións de Antón Losada Diéguez ao nacemento e evolución das Irmandades da Fala dende a súa incorporación ao nacionalismo en 1917 até a súa morte en 1929. En Ourense recruta para as IF aos que pasarán á historia como Grupo Nós (Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Florentino L. Cuevillas, Arturo Noguerol). Despois en Pontevedra continúa, xunto con Castelao e outros, colleitando prosélitos (Xosé Filgueira, Antón Fraguas, Alexandre Bóveda) e sobre todo promovendo iniciativas para espallar o nacionalismo, como a creación da revista *Nós* con Vicente Risco en 1920 e a do xornal *Galicia* con Valentín Paz Andrade en 1922 ou a preparación con Vicente Risco da refundación das Irmandades como Irmandade Nazionalista Galega. Nese mesmo ano xunta na súa casa un grupo de discípulos na Xuntanza de Estudos e Investigacións Históricas e Arqueolóxicas", precedente inmediato do SEG nado no ano seguinte e no que se integra a Xuntanza. En 1924 ingresa no SEG co traballo *Encol da prosa galega*; en 1926 presenta outro sobre toponimia e fai escavacións en Moaña e no castro de Vigo; en 1927 dirixe a xeira do SEG por terras de Carballiño; e en 1928 organiza a IV Xuntanza Xeral en Pontevedra.

NOTA BIOGRÁFICA. Justo Beramendi (Madrid, 1941) é catedrático emérito da Universidade de Santiago de Compostela, na que foi profesor de Historia Contemporánea (1985-2014) e vicerreitor de Cultura (1990-1994). Co-fundador do Museo do Pobo Galego en 1976, foi presidente da Xunta Reitora do seu Padroado (2000-2011) e do propio Padroado (2011-2022). Participou na fundación das revistas *Negaciones* (Madrid, 1976), *Teima* (Santiago, 1977), *A Trabe de Ouro* (Santiago, 1990) e *Tempos Novos* (Santiago, 1997), do Instituto Galego da Información (1977) e da Fundación Castelao (1986). Recibiu o Pedrón de Ouro en 2008, o Premio Galicia Mártir en 2009 e a Medalla Castelao en 2017. Especializado en historia das ideoloxías políticas e dos nacionalismos, organizou e editou as actas dos *Congresos Nacionalismos y regionalismos en la España de la Restauración* (1983), *Castelao* (1986), *Los nacionalismos en la España de la Segunda República* (1988), *Nationalism in Europe. Past and Present* (1993), *Memoria e identidades* (2004) e *Poder e territorio na España do século XIX* (2012). Ten publicados máis de 200 traballos académicos, entre os que

salientan *Miseria de la Economía* (con E. Fioravanti, Barcelona, 1974), "Ethnos versus Polis? On method and nationalism" (Santiago, 1993), *La historia política: algunos conceptos básicos* (Santiago, 1999), "Identity, Ethnicity and State in Spain. 19th and 20th Centuries" (Londres, 2000), "Les nationalismes en Espagne" (Liège, 2000), *La España de los nacionalismos y las autonomías*, (con J.L. de la Granja y P. Anguera, Madrid, 2001), *Historia mínima de Galicia* (Madrid, 2016) e *De provincia a nación. Historia do galeguismo político* (Vigo, 2007), obra pola que obtivo en 2008 o Premio Nacional de Ensaio e varios premios en Galicia. É tamén autor de numerosos artigos de análise da actualidade política, nomeadamente na revista *Tempos Novos*.

17:00 h - Ramón María Aller Ulloa. As xeiras do Seminario de Estudos Galegos na comarca de Deza (1928-1935)

Cecilia Doporto Regueira, *responsable do Museo Municipal de Lalín*

O ilustre científico de Lalín, D. Ramón María Aller, foi un home polivalente, con gran peso xa na primeira metade do século XX. Fixo de mestre reloxeiro, de arquitecto de máis de 60 casas unifamiliares de Lalín, fotógrafo, debuxante, profesor-preparador de estudantes (sempre sen remuneración). Gran amigo de Cabeza de León, Taboada Roca, Filgueira Valverde, Otero Pedrayo, Risco, Cuevillas. Puxo o primeiro observatorio privado de Galicia a disposición do Seminario. Colaborou coa revista *Nós* escribindo catro artigos e foi membro do seminario dende o ano 1928, no que empezaron as xeiras na comarca de Deza.

NOTA BIOGRÁFICA. Cecilia Doporto Regueira é doutora en Historia da Arte. Desde 1989 desenvolve a súa actividade no Museo Municipal Ramón María Aller de Lalín como encargada do mesmo. Foi comisaria da maior parte das exposicións temporais do Museo Municipal desde o ano 1989, de moitas das Bienais Pintor Laxeiro e da exposición *Artistas de Deza*. Deputación Provincial de Pontevedra (2003), entre outras. É coordinadora do Seminario de Estudos de Deza, *Descubriendo*, e colabora con artigos en publicacións científicas e técnicas de Galicia.

17:30 h - Pausa-café

18:00 h - Antonio Iglesias Vilarelle: perfís desde o século XXI

Luís Costa Vázquez, *catedrático de Musicoloxía no Conservatorio Superior de Música de Vigo e profesor asociado, Universidade de Vigo*

Antonio Iglesias Vilarelle foi un home de moitas e diversas inquedanzas. A súa pertenza formal ao Seminario de Estudos Galegos a partir de 1932, non está relacionada coas actividades máis coñecidas de Vilarelle, que foron as relacionadas coa música, senón coas súas experiencias na psicotécnica e a cuestión da diglosia, tratada por el como bilingüismo. Pódese dicir que Vilarelle foi un “amador” de todo canto abordou fóra das súas ocupación laborais, no dobre sentido desta expresión: como cultivador non profesional destes campos, pero tamén como unha persoa de apaixonada dedicación en todos eles. O relatorio pretende facer unha achega a estes diversos aspectos, contextualizándoos no seu momento histórico, pero tamén avaliando esas contribucións desde unha perspectiva actual.

NOTA BIOGRÁFICA. Luís Costa Vázquez é licenciado en Musicoloxía e en Historia e doutor pola USC, onde realizou a súa tese sobre o Nacionalismo Musical en Galicia (1999). Ten realizado numerosas publicacións especializadas, que inclúen a edición musical, a biografía, a teoría da investigación, a etnomusicoloxía, e a socioloxía da música, entre outras áreas. De un modo especial, ten orientado ás súas liñas de investigación ao tratamento dos aspectos transversais entre a música e a cultura, con particular atención á música galega no período contemporáneo. Foi profesor no Conservatorio *Manuel Quiroga* de Pontevedra e director do mesmo entre 2006 e 2015, o que lle deu ocasión de participar activamente na vida musical e cultural da cidade, e asesor da Consellería de Educación para a implantación e desenvolvemento dos estudos superiores de música no marco europeo (2008-2010). Actualmente é Catedrático de Musicoloxía no Conservatorio Superior de Música de Vigo e Profesor Asociado na Universidade de Vigo (campus de Pontevedra).

18:30 h - Sebastián González García-Paz: un mozo universitario e galeguista no Seminario de Estudos Galegos

Alfonso Mato Domínguez, *historiador, documentalista e escritor*

Sebastián González García-Paz (Pontevedra, 1908-1967) foi un dos socios sobranceiros do Seminario de Estudos Galegos, ademais de personaxe ilustre e entrañable na Pontevedra dos anos vinte e trinta do pasado século. Como indica o título da conferencia, esta trata de achegarse ao papel que xogou o mozo Sebastián González nas tres fronteiras onde desenvolveu as súas actividades profesionais, culturais e



políticas entre 1925 e 1936: na Universidade (como alumno e profesor), no Seminario e no galeguismo.

NOTA BIOGRÁFICA. Alfonso Mato Domínguez é historiador e documentalista, os seus traballos de investigación están centrados na Historia cultural da Galicia contemporánea. Entre as súas publicacións, pódense destacar: *O Seminario de Estudos Galegos na documentación que garda o Instituto Padre Sarmiento* (O Castro-Sada, Edicións do Castro, 2001) e *De camiños, viaxeiros e camiñantes* (Vigo: Galaxia, 2016), obra escrita en colaboración con Santiago Lamas e que mereceu o Premio Ramón Piñeiro de Ensaio 2015.

19:00 h - Felipe Ramón Cordero Carrete. Claves na sombra

Diana Duo Ramila, *doutora en Historia da Arte e membro do departamento de Educación do Museo de Pontevedra*

A traxectoria vital e profesional de Felipe Ramón Cordero Carrete (1894-1988), figura activamente ligada ao Seminario de Estudos Galegos e ao Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, permanece en gran parte silenciada e velada. A reconstrución biográfica que se presenta na Xornada arredor do Seminario de Estudos Galegos, levouse a cabo a partir de diferentes fontes documentais, como a importante correspondencia persoal e profesional conservada no Museo de Pontevedra, así como outros fondos pertencentes a institucións españolas e americanas.

NOTA BIOGRÁFICA. Diana Duo Ramila é doutora en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela, licenciada en Historia da Arte pola Universidade Complutense de Madrid e en Arte Dramático, especialidade de Escenografía, pola Universidade de Kent. Actualmente cursa o Grao en Dereito na UNED. Forma parte do departamento de Educación do Museo de Pontevedra. É membro do Centro de Estudos de Historia da Cidade e colaboradora do Grupo de Investigación Iacobus, da Universidade de Santiago de Compostela. Colabora actualmente no proxecto Neocamiños, do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (IEGPS), centro mixto do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e da Xunta de Galicia.

19:30 h - Coloquio